



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA DE 10.03.2015 RELATIVA AO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE XESTORÍA LABORAL”

Con data de 10.03.2015, cando son as 13.05 horas, reúnese na Salón de sesión do Concello de Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de servizo denominado “SERVIZO DE XESTORÍA LABORAL”, coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presentes como Presidente da mesma: D. Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cotobade como vocais: D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello, D. Ismael Bouzas Veiga, Concelleiro do PSdG-PSOE e D^a. Jeanett López Fernández funcionaria do Concello que actúa na súa calidade de Secretaria da Mesa de Contratación, segundo convocatoria cursada en data 05.03.2015.

O Sr. Secretario da conta da conta da aportación de documentación por parte de Unipro Pontevedra S.L. (R/590 de 25.02.2015) relativo a escritura de constitución da empresa e da constancia dos estatutos e nomeamento dos administradores actuais da sociedade, segundo requirimento formulado en data de 09.02.2015.

Dáse conta de que UP Informática y Servicios S.L. non atende ao requirimento efectuado que se cita.

Visto o artigo 146.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro que habilita ao órgano de contratación en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquer momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Visto o artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro que determina que no caso de non cumprimentarse adecuadamente os requirimentos formulados polo órgano de contratación nos prazos sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes no acto,

Propón:

1.Considerar retirada a oferta da empresa UP Informática y Servicios S.L. e excluíla do procedemento de licitación.

2.Notificar a presente Resolución a UP Informática y Servicios S.L.

Seguidamente, procédese pola Mesa de Contratación a avaliación dos proxectos de prestación do servizo e de adaptación deste ás novas tecnoloxías (“criterios dependentes dun xuízo de valor”) presentados polas empresas Unipro Pontevedra S.L. e Asesora Galega S.L. de acordo cos criterios establecidos no artigo 9 do prego de cláusulas co seguinte resultado e detalle.

En relación á proposición presentada por Unipro S.L. avalúanse os seguintes contidos ofertados:

a)Proxecto de prestación do servizo (ata 3.00 puntos):

(“Tramitación de expedientes de accidentes de traballo e enfermidade profesional (0.10 puntos); información e asesoramento en materia de prevención de riscos (0.10 puntos); tramitación de expedientes de regulación de emprego (0.10 puntos) e tramitación de pensións de todo tipo (0.10 puntos) Total: 0.40 puntos.

Non se avalúan as apreciacións xa recollidas no prego de prescricións técnicas; as que non constitúen o obxecto do contrato; as que constitúen cuestións referidas ao sobre "B" ou as referidas á solvencia técnica da sociedade.

b) Adaptación do servizo ás novas tecnoloxías (ata 1.00 punto): 1.00 punto.

Total: 1.40 puntos.

En relación á proposición presentada por Asesora Galega S.L. avalúanse os seguintes contidos ofertados:

a) Proxecto de prestación do servizo (ata 3.00 puntos):

("Tramitación de expedientes de incapacidades temporais por enfermidade común pero tamén por enfermidade profesional, accidente laboral ou non laboral" (0.10 puntos); posibilidade de confección e envío de nóminas confidenciais a cada traballador (para que so eles teñan coñecemento das mesmas" (0.10 puntos) Total: 0.20 puntos.

Non se avalúan as apreciacións xa recollidas no prego de prescricións técnicas; as que non constitúen o obxecto do contrato; as que constitúen cuestións referidas ao sobre "B" ou as referidas á solvencia técnica da sociedade.

b) Adaptación do servizo ás novas tecnoloxías (ata 1.00 punto): Total: 1.00 punto

Total: 1.20 puntos.

Non sendo outro o obxecto da Mesa, se levanta a sesión cando son as 13:45 horas do 10 de marzo de 2015

A secretaria da mesa

Jeanett López Fernández

